

# La Voz de Galicia

## «O galego apréndese, mantense e sobrevive se se quere»

*Esta profesora na Universidade de Maine (Estados Unidos) traduciu obras de Rosalía de Castro e Otero Pedrayo ao inglés e de Chomsky ao galego*

ADRIANA FREIRE, I.C.

santiago / la VOZ, 17 de julio de 2015. Actualizado a las 05:00 h. 7



X. A. SOLER Kathleen March, onte no Instituto da Lingua Galega, minutos antes da súa palestra en Filosofía.

### -¿De onde lle vén este apego por Galicia?

-Cheguei aquí por razóns persoais. Despois de estudar tantos anos castelán, souben que había unha lingua galega e comecei a investigar, a ler, a interesarme por ela. Como aprendera portugués o proceso non foi difícil, e ao haber moitos escritores en activo podía relacionarme con eles. Lémbrome de coincidir con Manuel María nun evento e de contactar con Filgueira Valverde. Había diferentes perspectivas políticas e tiña que andar con coidado, e iso intrigábame. Eu ao comezo non era coñecida, e tiña que ir da man de alguén.

**-¿Foi amor a primeira vista?**

-Pois a miña primeira visita foi no ano 1975, hai xa catro décadas. A partir do 1978 vin, sempre, dúas ou tres veces ao ano. Afortunadamente, voltarei en outubro, pois formo parte do tribunal de avaliación dunha tese na Universidade de Vigo.

**-¿Que papel xoga o galego na conformación da nosa identidade como país?**

-Sen galego non hai Galicia. Ten que ter a súa lingua, unha lingua de calidade, e non unha lingua entre aspas, un dialecto, unha lingua sen orgullo. O galego ten que ser unha lingua forte e con renovacións, con vida.

**-¿E como ve vostede a nosa lingua?**

-Os galegos teñen a capacidade de manteren a súa lingua se queren. Se non queren, a verdade é que non sei se volvería a Galicia. Non é que sexa a lingua que mellor falo, mais se Galicia non mantén a súa lingua eu perderíalle o respecto que lle teño e que vén da súa fidelidade ao idioma.

**-¿É difícil de aprender? ¿E de traducir?**

-Eu non o estudei. Aprendino lendo, a través do portugués e sobre todo preguntando e escoitando. Tiven alumnos nos Estados Unidos aos que lles falei galego, e agora están facendo traducións, críticas literarias... Para traducir é máis difícil do inglés ao galego que do galego ao inglés.

**-¿Cal é a palabra galega que máis lle gusta?**

-Gústame moito os nomes de lugar. Teño algúns poemas, que non digo que sexan bos, nos que inclúo nomes de lugares, coma Faramontaos ou Trasmundi. Atópoos preciosos, moi fermosos.

**-¿E a que máis lle custa pronunciar? Hai moitos castelán falantes que non son capaces de dicir «unha».**

-Non din «unha» porque non queren, e xa está. O galego apréndese, mantense e sobrevive se se quere.

**-Aparte da lingua, ¿que opinión lle merece Galicia?**

-Interésame a súa historia, e sobre todo gústame moito a súa paisaxe natural, e non o feísmo urbano, que me parece un crime. Ás veces non son capaz de ver eses estragos que se están facendo, mais se pode escapar a unha aldea ou a un bosque agradézoo.

Fonte: [http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2015/07/17/span-langgl-galego-aprendese-mantense-span-sobrevive-quere/0003\\_201507S17C2992.htm](http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2015/07/17/span-langgl-galego-aprendese-mantense-span-sobrevive-quere/0003_201507S17C2992.htm)

[data descarga: 29/01/2016]